



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:
PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de Pontevedra)

Paula Nieto Grande
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECÍÑOS DA CMVMC DE VILABOA
(VILABOA)**

José Luís López García
Bruno Vence Ruibal

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 19/04/2023 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia os representantes da CMVMC de Vilaboa e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do **monte** denominado **Monte do Con**, integrado polas parcelas **O Con e A Cavada Vella**, solicitados a favor da **CMVMC de Vilaboa** (Vilaboa)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- Con data de entrada 03/04/2019, José Luís López García, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilaboa, concello de Vilaboa, presenta solicitude de clasificación como monte veciñal en man común do terreo denominado Monte do Con, integrado polas parcelas O Con e A Cavada Vella. Achega como documentación un informe técnico con planimetría, certificacións catastrais, relación de lindeiros. Tamén documentación histórica, outra sobre expropiación de parte das parcelas polo Ministerio de Fomento para obras na estrada N-554 e diversos documentos sobre traballos



silvícolas realizados pola comunidade de montes nas citadas parcelas.

Con data 19/01/2021 o Servizo de Montes emite informe previo no que indica que os datos achegados pola Comunidade solicitante permiten identificar plenamente as parcelas, non están clasificadas e a Comunidade de Montes de Vilaboa consta como titular catastral de ambas as dúas. Tamén informa que na parcela O Con existe unha ocupación de 625 m².

SEGUNDO- O Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 04/02/2021, incoar o correspondente expediente de clasificación do Monte do Con a favor da Comunidade de Montes de Vilaboa, concello de Vilaboa.

O 22/02/2021 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 17/06/2021 recíbese o antedito informe do Servizo de Montes.

TERCEIRO- O Rexistro da Propiedade nº 2 de Pontevedra, en escrito de data 05/10/2021, certifica que non figura inscrita ningún predio denominado Monte do Con coas características indicadas.

CUARTO- O 08/04/2022 notifícase a apertura do trámite de audiencia á Comunidade de Montes de Vilaboa e ao Concello de Vilaboa, neste último caso tamén coa solicitude de publicación do edicto.

QUINTO- O Diario Oficial de Galicia publicou o 03/05/2022 o anuncio do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co acordo de iniciación do expediente de clasificación e abrindo o período dun mes para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e efectuar as alegacións oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro.

Con data 06/05/2022, a Comunidade de Montes de Vilaboa achega informe con documentación acreditativa dos usos e aproveitamentos pola Comunidade das anteditas parcelas nos últimos anos.

Con data 02/06/2022 Jorge Filgueira Acuña, residente nun terreo lindeiro coa parcela O Con, presenta escrito declarando ser o usuario exclusivo do terreo de 625 m² lindeiro coa súa vivenda. Alega que este terreo está ocupado por un invernadoiro, un hórreo e un galiñeiro da súa propiedade. Achega fotografías do terreo e declaracións xuradas de varios veciños. Solicita a exclusión deste terreo da clasificación como monte veciñal en man común.

Con data 21/06/2022 o Concello de Vilaboa presenta escrito certificando a exposición pública do edicto anunciando a apertura do período de audiencia.



Con data 29/06/2022 a Comunidade de Montes de Vilaboa presenta alegacións opoñéndose ao solicitado por Jorge Filgueira Acuña e pide a clasificación íntegra de toda a parcela O Con, incluíndo o citado terreo de 625 m². Achega documento de dilixencias preliminares de 03/07/2018 do Xulgado nº 1 de Cangas, no que, ante a demanda da Comunidade de Montes alegando o carácter veciñal da parcela ocupada pola vivenda de Jorge Filgueira Acuña, este recoñece non ter documentación acreditativa da propiedade deste terreo, que alega foi unha cesión do Concello ao seu pai e que soamente pode presentar a documentación acreditativa da construción da vivenda.

SEXTO- Á vista da documentación achegada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, a parcela obxecto do presente expediente responde á seguinte descrición:

CONCELLO: VILABOA.

PARROQUIA: San Martiño de Vilaboa.

1. Monte: O Con.

Cabida: 7.833 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36058A051002660000LF.

Estremas:

	Polígono	Parcela	Titulares
Norte	51	265	María del Pilar Herrero Blanco
	51	261	Dolores Montes Suárez
	51	245,	Ángel Venancio Regueira Rivas
	51	246	María Nieves Regueira Acuña
	51	244	José Ramón Carro Garrido
	51	248	Autoestradas del Atlántico
		354	
Sur	52	9004	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003
	---	-----	Camiño de Mancueiro e parcela Cabada Vella
Leste	---	-----	Noiro, estrada N-554 de Cangas a Pontevedra e
	52	9003	camión de Mancueiro
	51	268	Xunta de Galicia
	---	E30311	Jorge Filgueira Acuña
	51	4	María Consuelo Chantada Garrido
		267	Ángel Filgueira Blanco
Oeste	52	9004	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003

2. Monte: A Cavada Vella.

Cabida: 2.679 m² (superficie alegada na solicitude).



Referencia catastral: 36058A052001360000LB.

Estremas:

	Polígono	Parcela	Titulares
Norte	---	----	Camiño de Mancueiro e parcela O Con
	52	9004	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003
Sur	52	1	Wenceslao Acuña Acuña
Leste	52	9003	Xunta de Galicia
Oeste	52	433	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

SEGUNDO- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

TERCEIRO- O informe do Servizo de Montes establece que a parcela O Con está ocupada por unha superficie central asfaltada e *"...nos seus bordes hai dúas plantacións lineais do xénero Betula... Cara á estrada N-554 presenta un cartel da Comunidade de Montes de Vilaboa con varias prohibicións baixo sanción. Ao seu lado hai un merendeiro colocado pola comunidade de montes cunha mesa e dous bancos de pedra. Nesta zona están plantadas varias árbores froiteiras dos xéneros Citrus, Prunus e Malus... Unha parte da mesma emprégase como zona de depósito, ocupándoa uns troncos de madeira amoreados, postes de madeira e uns bloques de pedra granítica"*. Pola súa parte, a parcela A Cavada Vella *"...ten unha pequena plantación do xénero Castanea, con algún pé do xénero Quercus e do xénero Pinus... Ten uso forestal, co cultivo de castañas"*.



CUARTO- A Comunidade de Montes de Vilaboa ten presentada abondosa e variada documentación que demostra a súa xestión das parcelas O Con e A Cavada Vella (titularidade catastral, expropiación parcial polo Ministerio de Fomento, autorizacións escritas a veciños para o depósito temporal de madeira e pedra) e os usos e aproveitamentos veciñais con documentación sobre traballos silvícolas como rozas, venda de madeira, etc. .

QUINTO- O Concello de Vilaboa non presentou alegacións contrarias á clasificación, o que supón o recoñecemento implícito do carácter veciñal desta parcela por parte do Concello.

SEXTO- Tendo en conta o recollido nos puntos anteriores, considérase probado o aproveitamento veciñal das parcelas O Con e A Cavada Vella pola Comunidade de Montes de Vilaboa, agás no terreo de 625 m² lindeiro coa vivenda de Jorge Filgueira Acuña. Recoñécese que este alegante non presentou documentación algunha que acredite a súa propiedade do terreo, e da documentación achegada parece deducirse unha posible ocupación de terreo hai anos para a construción da vivenda, autorizada ou consentida polo Concello, ocupación que se estendeu posteriormente ao terreo lindeiro de 625 m². Malia a que este terreo consta no Catastro a nome da Comunidade de Montes de Vilaboa, do seu estado actual dedúcese que é obxecto de ocupación polo alegante, como ben recoñece a propia Comunidade, e non ten hoxe aproveitamento veciñal, polo que debe excluírse da clasificación da parcela O Con.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade **acorda : CLASIFICAR** como veciñal en man común o **monte** denominado "**Monte do Con**" integrado polas parcelas "**O Con**" e "**A Cavada Vella**" a favor dos veciños da CMVMC de Vilaboa (Vilaboa) de acordo á descrición reflectida no antecedente de feito sexto, **excluindo da parcela "O Con" o terreo de 625 m²**, recollido na planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes a cal forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

529100

529200

529300

529400

125

4688100

4688000

4687900

4688100

4688000

4687900

O Castenlo

AP-9

N-554

Parcela "A Cavada Vella" (vermello)
36058A052001360000LB = 2.679 m²

Parcela "O Con" (azul)
36058A051002660000LF
7.208 m²

RS 23a8

529100

529200

529300

529400



Clasificación "O Monte do Con"

CMVMC de Vilaboa. Concello de Vilaboa.

Pontevedra

A3 1:1.000 (etrs-89)

Maio 2023